

O IMPACTO SOCIOECONÓMICO DO PROXECTO MINEIRO DE CORCOESTO

Xoán R. Doldán García*

A demanda mundial de minerais, sobre todo metais, medrou exponencialmente nos últimos 20 anos, sen que esta tendencia mude de forma significativa pola crise económica mundial. A causa está na elevación da demanda das economías emerxentes pola universalización dun modelo económico baseado no crecemento continuo da produción e o consumo. Provócase un aumento na disipación de materiais na natureza, agravada por seren imposíbeis a substitución perfecta duns materiais por outros e a recuperación sistemática dos abandonados.

A consecuencia é unha aceleración do esgotamento de xacementos minerais concentrados e o declive das leis do mineral, obrigando a esforzos de extracción maiores –en máis lugares a maiores profundidades– para cantidades iguais de mineral, aumentando os efectos ambientais e sociais negativos: consúmese máis enerxía, auga e produtos químicos, e prodúcense cantidades crecentes de residuos e estériles.

Velaquí un dos motivos do interese de empresas como Edgewater Exploration Ltd polos recursos auríferos e outros minerais galegos. Outro motivo está nos mercados especulativos. A metade do ouro destínase á xoiaría, cunha demanda decrecente nos últimos anos que compensaría sobradamente as pequenas subidas para usos industriais ou odontoloxía. Sen embargo, acelerouse o comercio de ouro para acumular en forma de lingotes, moedas e outros –un 30% en 2011–, estimulado pola inflación continuada deste metal e polas incertezas propias da crise. Non sería necesario extraer máis ouro de mobilizarse o que está en mans privadas, equivalente ás extraccións mundiais durante 25 anos.

A acumulación privada presiona a demanda causando escaseza mercantil e elevando os prezos do ouro. Cando había xacementos importantes e concentrados, extraíase suficiente ouro a baixo custe, creando a ilusión de abundancia ao abastecer o mercado e manterse os prezos baixos, incentivando un maior uso e servindo de acicate para a súa non recupera-



Belen Rodríguez

No I Encontro galego sobre minaría salvaxe, celebrado o pasado 16 de febreiro en Teo, tamén se avaliaron as consecuencias socioeconómicas do proxecto de Corcoesto por parte de Xoán Ramón Doldán.

ción. Con xacementos con menor concentración, só é posíbel manter a oferta con técnicas de extracción máis agresivas cuns custes ambientais e sociais superiores que deberían ser fiscalizados polas administracións públicas competentes.

"Non sería necesario extraer máis ouro de mobilizarse o que está en mans privadas, equivalente ás extraccións mundiais durante 25 anos"

NON É OURO TODO O QUE RELOCE

Pola contra, a Xunta de Galiza favorece os obxectivos empresariais, minusvalorando ou desatendendo eses custes. Ademais, centra a atención nos elementos positivos, sobredimensionándoos, nun contexto social degradado ou en crise, procurando conseguir maior aceptación social. Os argumentos esgrimidos na defensa da mina de Corcoesto son de manual, comúns a calquera actividade desmesuradamente negativa ou calquera megaproxecto: aumento dos ingresos públicos polo pagamento de impostos, mellora dos servizos e o emprego nas comunidades locais e aumento da demanda de bens e servizos mellorando a economía local.

Porén, non aumentarán os ingresos municipais se, por exemplo, outras actividades que pagan impostos son condenadas a desaparecer. Algúns como o Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, ou o Imposto sobre sociedades non fican no concello afectado –este último nin sequera en Galiza–. Outros, como o IVE, non serán pagados no Estado español se, como cabe agardar, a produción é exportada. Ademais, a empresa mineira, malia non cumprir os requirimentos, ten solicitado á Xunta de Galiza a declaración de Proxecto industrial estratéxico co obxectivo de pagar menos impostos, ao quedar exentos de pagar o Imposto municipal de construcións, instalacións e obras, ao tempo que podería percibir subvencións en condicións especiais, alén das xa recibidas.

Por outra parte, cando a actividade mineira cesa, a reconstrución social e económica non corre a cargo da empresa senón da colectividade. Os gastos privados das familias ou o gasto público necesario non se desconta á hora de considerar os supostos beneficios públicos, e isto sucederá nun espazo de tempo considerabelmente curto. Este simple cálculo custe-beneficio nin sequera é feito.

A minaría a ceo aberto é intensiva no uso de capitais e utiliza tecnoloxías que diminúen a demanda de traballo, polo que as oportunidades de emprego local son mínimas e non maiores que en cal-

quera outra actividade. No proxecto da mina só se consideran 271, dos que 138 serían persoal propio e 133 en subcontratas, mais estas cifras deben ser matizadas. Os empregos atribúense só á fase de explotación –uns 8 anos–, mais silénciase o número de postos de traballo nos labores preparatorios –6 meses– ou na fase de restauración –2 anos–. Para esta última, sen embargo, dise que *"se reducirán os empregos xerados posto que se manterán aqueles necesarios para a realización dos labores de restauración"*. Ademais, non se especifica o tempo de duración de cada contrato. Se atendemos ao número de desprazamentos citados no Estudo de Impacto Ambiental, en ningún momento se superarían os 99 traballado-

Belén Rodríguez



Xoán Doldán no I Encontro galego sobre minaría contaminante en Teo.

pouco significativos. Malia a publicidade da empresa e o suxerido no proxecto, a actividade mineira nin sequera é garantía dun freo ao despoboamento da comarca. A evidencia empírica e os datos estatísticos permiten afirmar xusto o contrario: a actividade mineira destrutura as comunidades locais até tal punto que o despoboamento non cesa, pode acelerarse e ao remate da actividade está case asegurado. Os concellos asturianos, que a empresa cita na súa defensa, son unha clara demostración: Cangas de Narcea, Aller, Tineo, Salas –onde a mesma empresa explotou tamén unha mina de ouro–, Ibias, Allande, Riosa, Somiedo ou Belmonte de Miranda teñen perdas relativas de poboación entre 2005 e 2010 superiores –nalgún caso máis do duplo– ao que agora perden Cabana de Bergantiños ou Coristanco e, en case todos os casos, ás de Ponteceso (ver táboa 1).

SEN FUTURO E HIPOTECADOS

Se a explotación da mina supón escasos beneficios e elevados custes, a situación tras o seu paso é pavorosa. A socie-

dade en conxunto e as comunidades locais máis próximas enfrontarase á práctica totalidade dos pasivos ambientais que deixará: efluentes, emisións, restos ou depósitos de residuos, etc, cun risco permanente e potencial para a saúde da poboación, o ecosistema circundante e a propiedade, dos que a empresa apenas debe responder. Un dos pasivos ambientais máis relevantes é a desaparición mesma do actual territorio, base da economía local, alterado de forma irreversible ou dificilmente reversible –case a metade de toda a parroquia de Corcoesto será ocupada pola mina. É imposible albergar calquera esperanza de reconstruír unha comunidade local arraigada, cunha parte considerábel das economías familiares dependendo da dispoñibilidade e calidade das terras, cunha base económica e cultural agraria, cuns costumes, tradicións, historia, paisaxe... cando en pouco máis dunha década debe transformarse nunha comunidade mineira e virar de novo cara o que había con anterioridade. Isto explica porqué tantas comunidades mineiras acaban convertidas en localidades fantasma.

"A actividade mineira destrutura as comunidades locais até tal punto que o despoboamento non cesa, pode acelerarse e ao remate da actividade está case asegurado"

"En xacementos de menor concentración de materiais, só é posible manter a oferta con técnicas de extracción máis agresivas e uns custes ambientais e sociais máis altos"

res. A maioría deles virán de fóra; a cualificación específica da maior parte dos postos mencionados esixe unha formación regrada ou altamente cualificada que non existe na zona. En definitiva, os efectos sobre o impacto sobre o emprego local será reducido.

A demanda da minaría a outros sectores é xeralmente baixa, polo que os beneficios para a economía local serán

Táboa 1. Comparación da evolución da poboación en municipios mineiros asturianos e nos concellos de Bergantiños afectados (2005-2011).

Municipio	Poboación 2011	Poboación 2005	% 2005/2010
Belmonte de Miranda	1.715	2.019	-15,06%
Ibias	1.661	1.903	-12,72%
Tineo	10.829	12.071	-10,29%
Aller	12.324	13.702	-10,06%
Allande	2.004	2.228	-10,05%
Cangas del Narcea	14.249	15.672	-9,08%
Ponteceso	6.134	6.698	-8,42%
Salas	5.782	6.310	-8,37%
Riosa	2.170	2.362	-8,13%
Cabana de Bergantiños	4.865	5.294	-8,10%
Coristanco	7.102	7.646	-7,11%

Fonte: Elaboración propia a partir de Anuario Económico de España, 2012. La Caixa.

Con estas consecuencias, resulta tristemente irónico considerar a mina un Proxecto industrial estratéxico, cando a Lei 13/2011 que ampara esta figura, no artigo 4.g establece como un dos seus fins: *"Procurar a cohesión social, o equilibrio territorial, a creación e o mantemento de postos de traballo de calidade"*. Declaración cínica que pretende evitar a toda costa calquera dereito a decidir das comunidades locais supostamente beneficiarias. En Corcoesto, todo apunta a que se conseguirá finalmente o contrario: división e destrutura social, desequilibrio territorial e grave agresión ambiental directa e latente, e destrución do emprego existente sen compensarse con postos de traballo de calidade e, moito menos, co mantemento dos mesmos.

* Xoán R. Doldán García é profesor no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.